

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de outubro de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D^a. M^a Jesús Lago Rey
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día once de outubro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(960).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(961).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA FERREIROS. FASE II”. EXPTE. 3893/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, do 10/10/16, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP) (disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas).

ANTECEDENTES

O 7 de outubro de 2016, a Xunta de Goberno local, acordou clasificar as ofertar presentadas no procedemento aberto para a contratación das obras de Humanización da rúa Ferreiros. Fase II.

A Mesa de Contratación na súa sesión de data 5 de outubro de 2016 acordou propoñer á Xunta de Goberno local a exclusión das empresas que deseguido se relacionan:

a) Por non ter presentado documentación ningunha durante o prazo concedido para xustificar a valoración das súas ofertas e precisar as súas condicións (artigo 152 do TRLCSP):

1. CONSTRUCCIONES FECHI, SLU
2. OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, SA
3. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, SL
4. MONTAJES J M IGLESIAS, SL
5. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL
6. CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS, SL
7. NAROM, SL

b) Por estimar que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, segundo os informes asinados polo enxeñeiro municipal de Camiños, Canais e Portos de data 3 de outubro de 2016:

1. ORESA, SL
2. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU
3. COPCISA, SA
4. CONSTRUCCIONES VALE, SL

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local na sesión do 7 de outubro de 2016 acordou:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación o 14 de setembro de 2016 do licitador NEXIA INFRAESTRUCTURAS por incorporar no sobre B documentos acreditativos dos criterios que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 8B das FEC, tal como sinala a cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

| Empresas | | Puntuación |
|----------|---------------------------------------------------|------------|
| 1 | PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA | 82,09 |
| 2 | CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, SA | 78,95 |
| 3 | SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL | 77,53 |
| 4 | EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA | 76,92 |
| 5 | CIVIS GLOBAL, SLU | 75,82 |
| 6 | ELSAMEX, S A | 70,83 |
| 7 | VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS | 68,94 |
| 8 | ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA | 56,30 |
| 9 | SESTRAMA-09, SL | 48,61 |
| 10 | GEOXA, GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL | 19,38 |

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
4. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 629,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

O citado acordo non incluíu a exclusión das empresas que non presentaron en prazo a xustificación da valoración das súas ofertas (artigo 152 do TRLCSP) e daquelas cuxas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados (informes asinados polo enxeñeiro municipal de Camiños, Canais e Portos de data 3 de outubro de 2016).

En consecuencia, cómpre corrixir o referido acordo co obxecto de incluír a exclusión das citadas empresas.

Segundo.- O artigo 105.2 da LXPAC faculta ás Administracións Públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

En base ao anterior propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

Rectificar o acordo da Xunta de Goberno local, adoptado na sesión extraordinaria e urxente do 7 de outubro de 2016, de clasificación das ofertas presentadas ao procedemento aberto para a contratación das obras de Humanización da rúa Ferreiros (Fase II) que quedará redactado da forma seguinte:

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación o 14 de setembro de 2016 do licitador NEXIA INFRAESTRUCTURAS por incorporar no sobre B documentos acreditativos dos criterios que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 8B das FEC, tal como sinala a cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Excluir ás empresas que se relacionan a continuación, por non ter presentado documentación ningunha durante o prazo concedido para xustificar a valoración das súas ofertas e precisar as súas condicións (artigo 152 do TRLCSP):

1. CONSTRUCCIONES FECHI, SLU
2. OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, SA
3. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, SL
4. MONTAJES J M IGLESIAS, SL
5. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL
6. CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS, SL
7. NAROM, SL

Terceiro.- Excluir ás empresas que deseguido se relacionan, por estimar que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, segundo os informes asinados polo enxeñeiro municipal de Camiños, Canais e Portos de data 3 de outubro de 2016:

1. ORESA, SL
2. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU
3. COPCISA, SA
4. CONSTRUCCIONES VALE, SL

Cuarto.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

| | Empresas | Puntuación |
|----|---------------------------------------------------|--------------|
| 1 | PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA | 82,09 |
| 2 | CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, SA | 78,95 |
| 3 | SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL | 77,53 |
| 4 | EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA | 76,92 |
| 5 | CIVIS GLOBAL, SLU | 75,82 |
| 6 | ELSAMEX, S A | 70,83 |
| 7 | VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS | 68,94 |
| 8 | ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA | 56,30 |
| 9 | SESTRAMA-09, SL | 48,61 |
| 10 | GEOXA, GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL | 19,38 |

Quinto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel NO que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Sexto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 629,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(962).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DE CLASIFICACIÓN OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DO MONTE DA MINA-CASTRELOS. EXPTE. 15121/333.

Dáse conta do informe-proposta asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, con data 10/10/16, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP) (disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas).

ANTECEDENTES

O 7 de outubro de 2016, a Xunta de Goberno local, acordou clasificar as ofertar presentadas no procedemento aberto para a contratación das obras de Instalación de céspede artificial no campo de fútbol Monte da Mina – Castrelos (15121-333).

A Mesa de Contratación na súa sesión de data 6 de outubro de 2016 acordou propoñer á Xunta de Goberno local a exclusión das empresas que deseguido se relacionan, por non ter presentado documentación ningunha durante o prazo concedido para xustificar a valoración das súas ofertas e precisar as súas condicións (artigo 152 do TRLCSP):

- REALTURF SYSTEMS, SL
- OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, SL

- NAROM, SL

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local na sesión do 7 de outubro de 2016 acordou:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación na sesión do 21 de setembro de 2016 das empresas que deseguido se relacionan:

- LIMONTA SPORT IBERICA, SL
- DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, SL
- PLAINTEC OBRAS Y SERVICIOS, SL
- CONSTRUCTORA EDISERPO, SL
- HORDESCON, SL
- PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

| <i>Empresas</i> | <i>Puntuación</i> |
|---------------------------------------|-------------------|
| MONDO IBERICA, S A | 80,00 |
| MECANO SPORT, S L | 78,42 |
| CONSTRUCCIONES FECHI, SLU | 77,23 |
| GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S L | 64,54 |
| NATURF DEVELOP, S L | 64,10 |
| SPORT EQUIPALIA, S L | 46,21 |

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONDO IBERICA, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 844,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

O citado acordo non incluíu a exclusión das empresas REALTURF SYSTEMS, SL, OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, SL e NAROM, SL.

En consecuencia, cómpre corrixir o referido acordo co obxecto de incluír un punto relativo á exclusión das citadas empresas por non ter presentado documentación ningunha durante o prazo concedido para xustificar a valoración das súas ofertas e precisar as súas condicións (artigo 152 do TRLCSP).

Segundo.- O artigo 105.2 da LRXPAC faculta ás Administracións Públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

En base ao anterior propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

Rectificar o acordo da Xunta de Goberno local, adoptado na sesión extraordinaria e urxente do 7 de outubro de 2016, de clasificación das ofertas presentadas ao procedemento aberto para a contratación das obras de Instalación de céspede artificial no campo de fútbol Monte da Mina – Castrelos (15121-333) que quedará redactado da forma seguinte:

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación na sesión do 21 de setembro de 2016 das empresas que deseguido se relacionan:

- LIMONTA SPORT IBERICA, SL
- DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, SL
- PLAINTEC OBRAS Y SERVICIOS, SL
- CONSTRUCTORA EDISERPO, SL
- HORDESCON, SL
- PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA

Segundo.- Excluír ás empresas que se relacionan a continuación, por non ter presentado documentación ningunha durante o prazo concedido para xustificar a valoración das súas ofertas e precisar as súas condicións (artigo 152 do TRLCSP):

- REALTURF SYSTEMS, SL
- OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, SL
- NAROM, SL

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

| Empresas | Puntuación |
|---------------------------------------|------------|
| MONDO IBERICA, S A | 80,00 |
| MECANO SPORT, S L | 78,42 |
| CONSTRUCCIONES FECHI, SLU | 77,23 |
| GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S L | 64,54 |
| NATURF DEVELOP, S L | 64,10 |
| SPORT EQUIPALIA, S L | 46,21 |

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONDO IBERICA, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 844,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(963).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA AXUDA FEDER PARA O DESENVOLVEMENTO DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE E INTEGRADO (DUSI) DO CONCELLO DE VIGO, DENOMINADA “VIGO VERTICAL”. EXPTE. 3702/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 7/10/16, asinado polo xefe do Servizo administrativo e control orzamentario, o xefe da Área de Inversións, o asesor xurídico da Área de Fomento, o concelleiro delegado de dita Área e o interventor xeral, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

1.- O Boletín Oficial do Estado de data 17 de novembro de 2015, publico a Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria

para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (EDUSI) que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020.

2.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 12 de Xaneiro de 2016, acordou:

Primeiro: Aprobar a solicitude de axuda a favor do Concello de Vigo en relación á Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (EDUSI) que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020.

Segundo: Aprobar a memoria que desenvolve as estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado denominada ESTRATEXIA DUSI VIGO VERTICAL, que se anexa ao presente expediente para presentar á convocatoria regulada pola Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (EDUSI) que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020.

Terceiro: Aprobar o compromiso de habilitar crédito suficiente para financiar as operacións que se seleccionen dentro do Plan de Implementación da estratexia DUSI, e cuxa distribución se corresponde coas seguintes obrigacións para o Concello de Vigo:

| | TOTAL | % |
|--------------------------------|-----------------|---------|
| OT2 | 2.250.000,00 € | 12,00% |
| OT4 | 4.687.500,00 € | 25,00% |
| OT6 | 6.187.500,00 € | 33,00% |
| OT9 | 5.625.000,00 € | 30,00% |
| Total Gasto: | 18.750.000,00 € | 100,00% |
| Aportación do Concello de Vigo | 3.750.000,00 € | 20,00% |
| Axuda FEDER | 15.000.000,00 € | 80,00% |

Coa seguinte distribución anual (en relación ás obrigas do Concello de Vigo):

| | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | TOTAL | % |
|----------|--------------|----------------|----------------|--------------|----------------|--------|
| Concello | 335.625,00 € | 1.057.500,00 € | 1.852.500,00 € | 504.375,00 € | 3.750.000,00 € | 20,00% |

Cuarto: Declarar que o Concello de Vigo, en cumprimento do requisito establecido na base vixésimo oitava, apartado 2.e) da Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, e de acordo cos informes e certificados que constan no expediente atópase ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, así como no cumprimento de obrigacións polo reintegro de subvencións, e non está incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións, de 17 de novembro, para obter a condición de beneficiario.

Quinto: Constituír unha COMISIÓN DE TRABALLO específica denominada ?DUSI-VIGO VERTICAL, para garantir que no momento da execución da Estratexia seleccionada

contarase cun equipo multidisciplinar coñecedor da regulamentación e normativa nacional e europea sobre Fondos EIE e especialmente no relativo ás materias de elegibilidade de gasto, contratación pública, medio ambiente, información e publicidade e igualdade de oportunidades e non discriminación. A mesma está composta por:

PRESIDENCIA: Estará presidida polo 2º Tenente de Alcalde e concelleiro do AREA DE FOMENTO, LIMPEZA E CONTRATACIÓN, que contará como suplente á Concelleira do AREA DE TRANSPORTE E PROXECTOS ESTATAIS E EUROPEOS.
VOGAIS TECNICOS DA COMISIÓN: Xefes de Área e /ou Xefes de Servizo de:

- ✓ FOMENTO
- ✓ ADMINISTRACIÓN ELECTRONICA.
- ✓ POLITICA SOCIAL.
- ✓ MOBILIDAD
- ✓ MEDIO AMBIENTE
- ✓ EMPREGO
- ✓ PARQUES, XARDÍNS, COMERCIO PARTICIPACIÓN CIDADÁ

A coordinación técnica da comisión estará conformada por un Técnico do AREA DE FOMENTO.

Esta comisión contará como asesoramento xurídico e económico da seguinte estrutura municipal:

- ✓ Titular da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo ou persoa na que delegue.
- ✓ Secretaria do Goberno Municipal ou persoa na que delegue.
- ✓ Interventor Xeral do Concello de Vigo ou persoa na que delegue.
- ✓ Tesoureiro Municipal ou persoa na que delegue.
- ✓ Xerente de Urbanismo ou persoa na que delegue.
- ✓ Xefatura do Servizo de Contratación ou persoa na que delegue.

Sexto: Acordar, en cumprimento do requisito establecido na base vixésimo oitava, apartado 2.g) da Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, o compromiso de tramitar ante as autoridades competentes os certificados do cumprimento dos requisitos ambientais requiridos para a execución das operacións previstas na Estratexia DUSI.

Sétimo: Nomear responsable da estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado denominada ESTRATEXIA DUSI VIGO VERTICAL, a efectos de coordinación, seguimento, e notificacións oficiais ao 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da área de Fomento, Limpeza e Contratación, D. David Regades Fernández.

Oitavo: Nomear responsable técnico a estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado denominada ESTRATEXIA DUSI VIGO VERTICAL ao Técnico de Xestión da área de Fomento D. Óscar Couce Senra.

3.- Con data 12 de xaneiro de 2016, foi rexistrada dixitalmente na Oficina de REXISTRO ELECTRÓNICO AUXILIAR DA SEAP (Ou00006864), con número de Rexistro: Ou00006864e1600070608, a solicitude de axuda a favor do Concello de Vigo en relación á Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (EDUSI)

que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020

4.- Con data 3 de outubro de 2016, o Boletín Oficial do Estado, publica a Resolución de 29 de setembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se conceden axudas da primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, convocadas por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outras se CONCEDE axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada "VIGO VERTICAL", por un importe de 15.000.000,00 €.

II.- Proposta de aceptación da axuda FEDER.

De acordo coa Resolución de 29 de setembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se conceden axudas da primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, convocadas por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, procede dar cumprimento aos seguintes aspectos no prazo máximo de dez días, a contar desde o día seguinte ao da publicación da citada Resolución no «Boletín Oficial do Estado»:

"Remitir a aceptación expresa da axuda FEDER concedida e a aceptación da inclusión da Entidade na lista de beneficiarios publicada de conformidade co artigo 115, apartado 2 do Regulamento (CE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, segundo o modelo do anexo XII, xunto co certificado de existencia de crédito para a execución do proxecto, segundo o modelo anexo IV.2.a de a convocatoria."

En base a todo o exposto, de conformidade co disposto no artigo 126 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e Decreto de Delegación de Competencias do Alcalde-Presidente de data 19 de xuño de 2015, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aceptar a axuda de 15.000.000,00 €, outorgada polo Ministerio de Facenda e Administracións públicas por Resolución de 29 de setembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se conceden axudas da primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, convocadas por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro.

Segundo: Aceptar a inclusión do Concello de Vigo na lista de beneficiarios publicada de conformidade co artigo 115, apartado 2 do Regulamento (CE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013.

Terceiro: Aprobar o compromiso de habilitar crédito suficiente para financiar as operacións que se seleccionen dentro do Plan de Implementación da estratexia DUSI, coa seguinte distribución:

| | |
|--------------------------------------------|------------------|
| o Aportación nacional, "Concello de Vigo": | 3.750.000,00 € |
| o Axuda FEDER: | 15.000.000,00 €. |
| o Total gasto elixible: | 18.750.000,00 €. |

Cuarto: En cumprimento das bases reguladoras da convocatoria das axudas e ao establecido na Resolución de 29 de setembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e

Gastos, remitir á Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, C/ Alberto Alcocer nº 2, segunda planta, 28071 Madrid, ou por correo electrónico (sgfcc@sepg.minhap.es), no prazo de dez hábiles (10) días a contar desde o día seguinte ao da publicación da Resolución, os seguintes documentos:

- *Escrito asinado polo Alcalde de Vigo de aceptación da axuda concedida, no que se recolla tamén a aceptación da inclusión do Concello de Vigo na lista de beneficiarios publicada de conformidade co artigo 115, apartado 2 do Regulamento (CE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013.*
- *Modelo exacto do Anexo IV.2.a de a convocatoria, asinado polo Alcalde de Vigo con data posterior á Resolución de concesión de axudas, sobre a declaración do compromiso de habilitar crédito suficiente para financiar as operacións que se seleccionen dentro do Plan de Implementación da estratexia DUSI.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.